



**ACTA XUNTANZA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A
CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA A PROVISIÓN INTERINA
DUNHA PRAZA VACANTE DE VIXILANTE DE VÍAS E OBRAS NO CONCELLO DE
REDONDELA CON MODIFICACIÓN DE OFICIO DAS PUNTUACIÓNS OBTIDAS
NO PRIMEIRO EXERCICIO E ANULACIÓN DE DATA PREVISTA PARA
REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO.**

Na casa do concello de Redondela sendo ás 11:00 horas do día 8 de febreiro de 2018 xúntanse as persoas que conforman o tribunal que xulga o proceso selectivo para a PROVISIÓN INTERINA DUNHA PRAZA VACANTE DE VIXILANTE DE VÍAS E OBRAS NO CONCELLO DE REDONDELA, D. XOSÉ RAMÓN MATO LODEIRO (presidente); D. JUAN MANUEL ESTÉVEZ LAMAS (vogal) e D^a. CARME PÉREZ VAQUERO (secretaria do tribunal) coa finalidade de valorar escrito presentado por D. ARTURO MARTÍNEZ VIDAL na data 7 de febreiro de 2018 -registro de entrada 2018-E-RC-1706- no que solicita vista e copia do seu exame.

O tribunal despois de deliberar acorda proceder de oficio a revisión o exame do aspirante D. Arturo Martínez Vidal así como a entregar copia do exame, a través do departamento de persoal do concello, o día 9 de febreiro (venres).

Unha vez revisado o exame obsérvase que na pregunta núm. 31 que se transcribe a continuación houbo un erro na valoración da mesma:

Realizada visita de inspección a unha obra en execución con licenza de obra segundo proxecto básico realizado por técnico competente:

- a) *Deberase levantar acta por canto non ten autorización para o inicio das obras.*
- b) *Pode proseguir as obras por ter licenza.*
- c) *Comunícase ao departamento de urbanismo kpara que determine se se levanta acta.*
- d) *Debe preguntarse ao alcalde ou concelleiro de urbanismo se se levanta acta.*

A resposta correcta nesta pregunta é a **a)** pero o aspirante deixou a pregunta sen contestación. Porén na corrección anotouse como incorrecta procedéndose na puntuación final á valorala coa metade da puntuación dunha pregunta correcta, e dicir 0,125 puntos, cando realmente non debería terse descontado nada, tal e como establecen as bases da convocatoria.

Xa que logo, procédese de oficio, á modificación da puntuación obtida no primeiro exercicio polo aspirante D. Arturo Martínez Vidal resultando igualmente **NON APTO** segundo se detalla:

1.- preguntas acertadas	23 x0,25	5,75
2.- preguntas erradas	7 x 0,125	0,875
3.- sen resposta	10	-
CUALIFICACIÓN (1-2)	5,75 – 0,875	4,875

Concello de Redondela



O tribunal, ante a existencia deste erro material decide, para unha maior garantía de todos os participantes no proceso, dispor de tempo para unha completa revisión de todas as cualificacións, polo que decide desconvocar o segundo exercicio da oposición previsto para o vindeiro día 9 de febreiro ás 9:30 horas, para unha data posterior que será comunicada a través da páxina web do concello coa antelación esixida legalmente.

E non sendo outro o obxecto da xuntanza dáse por rematada a mesma sendo as 11:30 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta que asino xunto co presidente, dando conformidade e fe, como secretaria, de todo o que se contén nela.

Documento asinado electronicamente á marxe